

INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19

Documento completo: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/31754>
Máis información: <http://www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus>

Obxecto do protocolo:

Crear contornas escolares saudables e seguras mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do curso escolar 2020/2021 co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

- O Equipo COVID do centro, está a elaborar un "**Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021**" de conformidade coas normas establecidas neste protocolo, e corresponde ao director aprobar o mesmo e informar periodicamente da medidas e actuacións ao consello escolar. Este plan será comunicado ao persoal do centro, a todas as familias e ao alumnado e remitido a Inspección Educativa. O director/a é o/a encargado/a de manter a comunicación dende o centro educativo coas diferentes Consellerías, persoal do centro, familias e alumnado.
- O centro está tamén a elaborar un "**Plan de Continxencia**" no que se establecerán as medidas, en caso de suspensión da actividade lectiva, para facer efectivo o ensino a distancia.
- O Equipo COVID, está formado por os seguintes membros:
 - **Fracisco Javier Gómez Feás**
 - **Ángel Manuel Novoa Blanco**
 - **Victoriano Ramos Benito**

Principios sanitarios básicos:

- Con carácter xeral, a actividade lectiva será presencial. Os centros educativos manteranse abertos sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita e con arranxo ás indicacións de Sanidade.
- A todo o profesorado e PAS, realizaráselle un test de cribado da COVID-19 antes do inicio do curso.
- O centro de saúde de atención primaria de referencia será o *Concepción Arenal*
- Alumnado, profesorado e PAS deberán realizar diariamente a **enquisa clínico-epidemiolóxica** (antes da chegada ao centro). No caso de aparecer algún dos **síntomas compatibles coa covid-19** deberase informar ao centro para comunicar a ausencia e solicitar consulta co médico ou pediatra.

Síntomas respiratorios:

- Febre maior de 37,5°C
- Tose seca
- Dificultade respiratoria

Outra sintomatoloxía:

- Fatiga severa (cansazo)
- Dor muscular
- Falta de olfacto
- Falta de gusto
- Diarrea

**Comunicacións obrigatorias de sintomatoloxía ou de confirmación:**

- No caso de presentar algún síntoma na casa, o alumnado non acudirá ao centro e contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia e notificará ao colexio a ausencia para que quede constancia da mesma e sirva como xustificante.
- A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.
- No caso de detectarse síntomas compatibles coa infección durante a estancia no centro, contactarase coa familia que deberá presentarse no centro á maior brevidade para recoller ao alumno/a e solicitar consulta médica. O centro dispón dun espazo de illamento mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo estará debidamente equipado e será desinfectado despois da súa utilización.

- Se existe algunha sospeita de COVID-19 no núcleo familiar, o alumnado convivinte non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á dirección do centro.

Medidas xerais de protección individual:

1. De forma xeral, **manterase unha distancia interpersoal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas sendo o uso da máscara obrigatorio.**
2. **O uso da máscara por todo o alumnado (obligatorio a partir de 6 anos e moi recomendable en Educación Infantil), persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva** (aínda que se cumpra a distancia de seguridade), isto é, durante as clases, nas circulacións polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), cambios de clase, nas entradas e saídas ao centro, nos recreos e na estancia na biblioteca. Quedan exceptuados desta obriga as persoas que presenten algún tipo de enfermidade, dificultade respiratoria, discapacidade ou dependencia e así o **acredite o seu médico ou pediatra**. O alumno deberá ter un máscara de recambio nun estoxo específico para gardala.
3. Facilitarase a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos breves de non uso.
4. Para garantir a distancia de 1,5 metros (**na ESO**), o centro está adecuando espazos alternativos (taller de tecnoloxía, aula interactiva, aula música) como aulas. Os postos escolares estarán preferentemente orientados nunha mesma dirección.
5. En **educación infantil e na educación primaria**, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia.
6. Informarase a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección e as medidas de protección que se deben empregar.

Medidas de prevención da transmisión da infección e medidas de protección:

1. Correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
2. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
3. Técnica de hixiene de mans correcta e 5 lavados polo menos ou cada vez que se comparta material.
4. Importancia da ventilación dos espazos. (registro de ventilación das aulas)
5. Realización da hixiene de mans á entrada e saída do centro.
6. Dispensadores de solución hidroalcohólica e portapanos na entrada e en espazos comúns.
7. De forma xeral, manterase unha distancia interpersoal de seguridade de 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro.
8. Antes do comezo do curso realizouse unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.
9. Evitaranse aquelas actividades que supoñan a mestura do alumnado.
10. O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.
11. Os equipos de traballo (ordenador, impresora, mesa) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso.
12. As ventás, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación ou proxectores serán unicamente usadas polo profesorado.
13. O incumprimento das normas relativas ao emprego da máscara considerarase conduta leve contraria á convivencia e será obxecto de parte.

Medidas xerais de limpeza no centro:

1. Os aseos limpanse polo menos dúas veces ao día e terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes. (registro de limpeza)
2. Cada usuario ao terminar de utilizar un ordenador de uso compartido, limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con xel desinfectante.
3. Sempre que sexa posible realizaranse tarefas de ventilación por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases e sempre que sexa posible entre clases, Cando as condicións meteorolóxicas o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

Subministración de material de protección:

O alumnado ten a obriga de ter a súa propia máscara, unha de reposto e o seu estoxo.

É recomendable traer un bote de xel hidroalcohólico (a partir de 4º de primaria para facilitar e axilizar a hixiene de mans).

Xestión dos gromos:

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- No suposto de aparecer un caso no centro levarase ao alumno a un espazo separado de uso individual (aula de illamento) e contactarase coa familia. A persoa ou familia deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou no seu caso ao tlf de información xeral da COVID-19 do SERGAS (900400116). A persoa coordinadora do equipo COVID-19 comunicarao na aplicación informática Educovid.

Escenarios no suposto dos gromos:

- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de *contactos estreitos* do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo.
- Considérase **contacto estreito** quen estivera a *menos de 2 metros durante máis de 15 minutos sen máscara dun caso confirmado*. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entran en corentena, permanecendo nos seus domicilios un período de 14 días.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria.
- Non asistirán ao centro aqueles estudantes ou docentes con síntomas, en illamento ou en corentena nin aqueles que estean a espera de resultados de PCR.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno ás aulas.
- Desde o centro, traballarase para procurar e solucionar as posibles dificultades que poida ter o alumnado de cara ao ensino a distancia.

Regulación de circulacións e de entradas e saídas:

- Evitaranse as aglomeración de persoas, tanto a entrada como a saída dos centros.
- Habilitaranse diferentes portas de acceso e quendas de entrada distanciadas no tempo.
- En todo o centro estableceranse sentidos de circulación que estarán debidamente sinalizados.
- O alumnado poderá entrar na aula antes de que toque o timbre co fin de evitar aglomeracións.
- Salvo por razóns xustificadas ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo. O centro establecerá horarios específicos para a atención das familias non coincidentes con horarios de entrada e saída ou recreos.
- Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.
- O horario de entrada e saída mantense, aínda que se fará de forma graduada ou flexibilizarase.
- A saída do centro farase de forma escalada para evitar a formación de agrupamentos fóra do recinto escolar.
- O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída, velará para que o material quede recollido e desinfectado polo alumnado e organizará a saída de xeito ordenado e respectando a distancia de seguridade.

Medidas relativas ás familias (ANPAS – Actividades Extraescolares)

- As actividades extraescolares fóra da xornada lectiva, ou posterior ao servicio do comedor, quedan restrinxidas a **actividade de inglés**, sempre e cando exista a posibilidade de poder manter os grupos estables de convivencia e dando prioridade ao alumnado a partir de 3º de primaria. Informarase segundo vaíamos organizando.

- As actividades da ANPA celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas. Os Consellos Escolares celebraranse preferentemente de maneira telemática.
- Nas reunións de tutoría ou coas familias será prioritaria a comunicación por teléfono ou videochamada. No caso de ser presencial, adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade.
- Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e a plataforma EDUCAMOS.
- Procurarase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención (máscara), distanciamento (1,5 m) e límite de presenza do 50%.

Medidas xerais en relación co alumnado transportado.

- Poden empregarse todas as prazas, sendo obrigatorio permanecer sentado e coa máscara posta.
- Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar.
- Na entrada e saída do centro a monitora do transporte, acompañará e recollerá ao alumnado de infantil ás súas clases. Na saída, haberá un lugar asignado (salón de actos) para a recollida e reagrupamento do resto do alumnado por parte da monitora.

Consideracións xerais na aula ordinaria.

- O alumnado gardará o seu material, preferentemente, no pupitre de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.
- Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo.
- Cada alumno/a gardará o seu material no seu estoxo e na medida do posible rotulado co seu nome.
- As perchas empregaranse da forma máis individualizada posible.
- Evitarase o desprazamento do alumnado na aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.
- Nas aulas de uso compartido (laboratorios, música, plástica, ximnasio, taller) extremáranse os protocolos de limpeza, sendo obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas. O material que sexa compartido nestas aulas debe de ser desinfectado ao inicio e fin da actividade.
- O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade.
- Na clase de educación física, o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.
- Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de frauta) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a 3 metros.

Cambios de clase.

- Tentaranse facer os menores cambio de clase posibles. De ter que saír da clase, a saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade e evitando aglomeracións. Deixarase ventilar a aula e hixienizaranse os pupitres á chegada.

Uso da biblioteca.

- A biblioteca poderá ser usada ata o 50% do seu aforo e contará cun protocolo propio de acceso e uso.
- Os libros devoltos deberán permanecer en caixas identificadas e illadas como mínimo 4 horas antes de ser postos de novo en circulación. Evitaranse os xogos de mesa que impliquen uso compartido.

Uso dos aseos

- O uso dos aseos estará limitado a un terzo do seu aforo, extremándose a súa vixilancia durante os recreos e nas entradas e saídas. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.
- Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos.

Medidas específicas para os recreos.

- Establecerase no patio catro espazos diferenciados, na galería un e no salón de actos outro, respectando a distancia de 1,5 m de cara a manter os grupos estables de convivencia durante o recreo.
- Estableceranse varias quendas de recreo agrupadas por nivel.

Medidas para o comedor.

- O uso do comedor escolar, de xestión directa, quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados. (Estableceranse tres quendas)
- O alumnado que conforme **grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria** pode comer agrupado sen respectar a distancia anterior separando os grupos por 1,5 metros un do outro. Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e **instalaranse mamparas** ou separacións de cando menos 0,60 cm de altura colocadas directamente sobre o mesado que separen alumnos encarados ou acaroados.

Aulas virtuais e ensino a distancia.

- As aulas virtuais utilizaranse no suposto de educación a distancia e para o alumnado que estea en corentena.
- Nos primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a información necesaria de cara ao hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.
- Identificarase ao alumnado que poida ter dificultades de conexión no seu fogar e puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia.

Modelo de declaración responsable:

- Debe entregarse asinada polos proxenitores ao centro, co compromiso de realizar ao alumno/a a "**Enquisa de Autoavaliación clínica**" do COVID e que se compromete a NON enviálo ao centro no caso das situacións especificadas no documento. O primeiro día de clase entregarase un exemplar a cada alumno.



ANEXO I. ENQUIA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

**MODELO
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D^a _____, con DNI
número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a
_____, matriculado no curso
_____, do centro educativo _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON enviálo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En _____, a ___ de _____ de 2020.